

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DA SUBMINISTRACIÓN DE GASOLINAS E GASÓLEO A PARA PARQUE MÓBIL E DE GASÓLEO C CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE DOS EDIFICIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL ELENA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, DIVIDIDO EN DOUS LOTES (EXP.002-SUBMPA16).**

## I

### DISPOSICIÓN XERAIS

#### **1.- OBXECTO DO CONTRATO; NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER; E CÓDIGO CPV**

**1.1.-** O obxecto do presente contrato é a subministración de gasolina sen chumbo e gasóleo A para Parque Móbil, así como a aqueles equipos e/ou maquinaria que funcionen con combustible; e de gasóleo C Calefacción e Auga Quente dos edificios de titularidade municipal e do C.E.E. Infanta Elena do Concello de Monforte de Lemos.

Os vehículos poderán ser tanto de titularidade municipal como contratados polo Excmo. Concello de Monforte de Lemos polo sistema de leasing, renting ou contratos de características similares.

Exclúese do obxecto do contrato a subministración de combustible a vehículos cuxa necesidades xurda en viaxes ou traxectos fora do termo municipal de Monforte de Lemos nos que resulte imposible a subministración ns estación/s designada/s polo adxudicatario.

A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse ás prescricións técnicas anexas que teñen carácter contractual.

O contrato divídese en dous lotes:

#### **LOTE 1: SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL, incluíndo:**

- Gasolina sen chumbo 98º octanos.
- Gasolina sen chumbo 95º octanos.
- Gasóleo de automoción (clase A).

#### **LOTE 2: TRANSPORTE E SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS E DO C.E.E. INFANTA ELENA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

- Gasóleo de calefacción (clase C).

**1.2.-** O contrato xustifícase na necesidade de obter a subministración dos distintos combustibles que precisa o Concello de Monforte de Lemos co maior aforro económico, mellorando ao mesmo tempo a prestación do servizo de reposición e os mecanismos de control do gasto.

**1.3.-** CNAE: 19.20.

CPV-2008:

09132100-4: Gasolina sen chumbo.

09134000-7: Gasóleos.

## **2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN**

**2.1.-** O órgano de contratación, que actúa en nome do Concello de Monforte de Lemos, é a Xunta de Goberno Local, en virtude do Decreto de alcaldía de 18 de xuño do 2015.

**2.2.-** O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

## **3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

**3.1.-** A contratación a realizar cualifícase como contrato de subministración de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 9 e 19 RD. legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), quedando sometida á devandita lei, así como ao regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001 (RXLCAP), en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

Teñen carácter contractual, ademais do presente prego, o prego de prescricións técnicas e os documentos que integran a proposición dos adxudicatarios, en canto non se opoñan aos pregos de condicións administrativas e técnicas.

**3.2.-** As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnados mediante recurso contencioso administrativo, conforme ao disposto na lei reguladora da devandita xurisdición.

## **4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

**4.1.-** Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se encontren comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do TRLCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do RXLCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial o análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato así como o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 55 do TRLCSP.

**4.2.-** Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica, ben a través da acreditación dunha clasificación adecuada ao obxecto do contrato, ben a través dos medios de xustificación que, ao amparo dos artigos 62, 75 e 78 do TRLCSP, apúntanse a continuación:

Solvencia económico-financeira (a través de calquera dos seguintes medios):

1. Declaración apropiada de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

Solvencia técnico-profesional (a través dos seguintes medios):

1. Indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.
2. Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación xustificativa correspondente.
3. Descricións das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

**a. Requisito mínimo de solvencia (LOTE 1).-**

- i. Deberá contar cunha estación de servizo, como mínimo, dentro do termo municipal de Monforte de Lemos.

**4.3.-** Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

**4.4.-** Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso.

## **5.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES**

Para ser adxudicatario do presente contrato non é preciso estar en posesión de clasificación empresarial algunha, sen prexuízo de acreditar a correspondente solvencia económica, financeira e técnica, polos medios establecidos na cláusula 4.2 do presente prego.

## 6.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN; VALOR ESTIMADO DO CONTRATO; PREZO

### 6.1.- Orzamento.-

#### LOTE 1: SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA VEHÍCULOS E MAQUINARIA DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL (LOTE 1).

O presente contrato versa sobre prezos e non sobre un importe global, sendo a título provisional este importe de 24.856,50.-€ máis 5.219,87.-€ de I.V.E. o 21%, o que fai un total de **30.076,37.-€**, para o prazo contractual de un ano de contrato, considerándose importe da licitación para a consignación de fianzas.

Indícase a título orientativo que os consumos (en .€/anuais) actuais municipais son aproximadamente.-

SERVIZO	MATRÍCULA	VEHÍCULO	COMBUSTIBLE	IMPORTE/ANO (Novembro 2015)
AT. CIUDANÍA	LU8815L	AUTOBOMBA IPV	GASOLEO A	2.033,68.-€
	8150HSP	DACIA DUSTER	GASOLEO A	
	C9631BL	NISSAN PATROL	GASOLEO A	
POLICIA	8547BXN	FURGÓN PEUGEOT BOXER	GASOLEO A	5.411,16.-€
	7139 JKP	YAMAHA XT 660	GASOLINA	
	7962 JGM	RENAULT CACTUS	GASOLEO A	
	LU0091U	CITROËN ZX	GASOLEO A	
	5884FDG	RENAULT MEGANE	GASOLEO A	
	6003FYD	SANYONG ACTIUM	GASOLEO A	
PARQUES E XARDINS /MEDIOAMBIENTE	LU1039T	NISSAN TERRANO	GASOLEO A	11.974,64.-€
	0846GKF	FURGON OPEL VIVARO	GASOLEO A	
	8990CNZ	OPEL COMBO	GASOLEO A	
	LU87291VE	TRACTOR PEQUEÑO B.J.R.	GASOLEO A	
	E4409BBZ	TRACTOR DESBROZADORA JOHN DEERE 6820DT	GASOLEO A	
DEPORTES	E8210BCC	CAMPO DE FUTBOL JOHN DEERE	GASOLEO A	
SERVICIOS	LU1161S	FORD COURIER	GASOLEO A	2.873,55.-€
	0063DHV	GRÚA NISSAN ATLEON	GASOLEO A	
OBRAS	LU7604L	SEAT TERRA	GASOLINA	6.487,31.-€
	LU8853M	FIAT DUCATO	GASOLEO A	
	1129BBS	CITROËN JUMPER	GASOLEO A	
	LU0751O	FIAT DUCATO	GASOLEO A	
	LU5275T	FORD MAVERICK	GASOLEO A	
	LU5463T	RENAULT TRAFIC	GASOLEO A	
	LU88758VE	DUMPER LEBRERO	GASOLEO A	
SERVICIOS SOCIAIS/CULTURA	7331CCB	PEUGEOT EXPERT	GASOLEO A	393,00.-€
ALCALDÍA/CONCELLLEIROS	9734CHB	OPEL ASTRA	GASOLEO A	903,03.-€

**LOTE 2: TRANSPORTE E SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS E DO C.E.E. INFANTA ELENA (LOTE 2).**

O presente contrato versa sobre prezos e non sobre un importe global, sendo a título provisional este importe de 30.302,78.-€ máis 6.363,58.-€ de I.V.E. o 21%, o que fai un total de **36.666,36.-€**, para o prazo contractual de un ano de contrato, considerándose importe da licitación para a consignación de fianzas.

Indícase a título orientativo que os consumos municipais son aproximadamente.-

EDIFICIO	CAPACIDADE DO TANQUE	CONSUMO REAL 2015.	CONSUMO ESTIMADO 2016
Pavillón A Pinguela	1.000 litros	2000 litros	7500 litros
Centro de Día/Servizos Sociais	1.500 + 1.500 litros	5000 litros	5000 litros
Casa do Concello	5.000 litros	12000 litros	12000 litros
Casa Cultura – Centro do Viño	5.000 litros	12000 litros	12000 litros
Colexio Infanta Elena	10.000 litros	14000 litros	15000 litros
Multiusos	10.000 litros	5000 litros	5000 litros
Oficinas das “Casitas”	1.000 litros	2000 litros	2000 litros

**6.2.- Valor estimado do contrato.-**

O valor estimado do contrato é de 164.547,84.-€, determinado polo importe do orzamento base de licitación, sen engadir o I.V.E, multiplicado polo ano de duración do contrato, engadida a prórroga, así como a totalidade das modificacións previstas.

O valor estimado do contrato ao ser unha subministración de carácter periódico, obtívose de acordo co establecido no art. 88.5.a) e 7 do TRLCSP.

**6.3.- Prezo do contrato.-**

O contrato divídese en dous lotes descritos no artigo 1, podendo os licitadores presentar ofertas para os dous ou só para un deles.

**Lote 1.- Subministración de combustible para vehículos do parque móbil e/ou equipamento/maquinaria.**

Estando as entregas subordinadas ás necesidades do Concello e non podendo ser definidas estas con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, a licitación versará sobre prezos unitarios, de modo que o tipo ofertado e polo tanto o prezo do contrato ao longo da súa execución, será a porcentaxe-desconto (%) por litro subministrado sobre o prezo de venda que figure no surtidor no momento da subministración, en cada un dos tipos de combustibles e que en ningún poderá ser superior ao aprobado polo Ministerio en cada momento.

A porcentaxe de baixa ofertado polo licitador permanecerá fixo e invariable durante a vixencia do contrato, salvo no suposto de promocións recollidas no artigo 8 do presente prego.

No prezo máximo de licitación están engadidas as taxas aplicables a hidrocarburos e todos os factores de avaliación e gastos que, segundo os documentos contractuais e a lexislación vixente son de conta do adxudicatario, así como os tributos de calquera índole excepción feita do IVE.

### **Lote 2.- Subministración de Gasóleo “C” Calefacción para edificios titularidade municipal.**

Estando as entregas subordinadas ás necesidades do Concello e non podendo ser definidas estas con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, a licitación versará sobre prezos unitarios, de modo que o tipo ofertado e polo tanto o prezo do contrato ao longo da súa execución, será a porcentaxe (%) de baixa global que se aplicará sobre o prezo de referencia semanal do combustible publicado no Boletín Petrolero da Dirección Xeral de Enerxía e Transportes da Comisión Europea no momento en que se realicen as solicitudes de subministración ao longo da duración do contrato.

O prezo resultante de aplicar a porcentaxe (%) de baixa ao prezo de referencia semanal publicado no Boletín mencionado no parágrafo anterior será vinculante para o licitador.

Se durante algunha semana non se publicase por dito Organismo o prezo indicativo do combustible, tomarase como referencia para o cálculo do prezo, o publicado na semana inmediatamente anterior.

A porcentaxe de baixa ofertado polo licitador permanecerá fixo e invariable durante a vixencia do contrato, salvo no suposto de promocións recollidas no artigo 8 do presente prego.

No prezo máximo de licitación están engadidas as taxas aplicables a hidrocarburos e todos os factores de avaliación e gastos que, segundo os documentos contractuais e a lexislación vixente son de conta do adxudicatario, así como os tributos de calquera índole excepción feita do IVE.

## **7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO**

Para atender ás obrigas económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato, existe crédito suficiente no orzamento xeral do Concello prorrogado para o ano 2016, con cargo ás aplicacións 342.221.03; 432.221.03; 925.221.03; 933.221.03; 130.221.03; 1532.221.03; 171.221.03; 231.221.03; 323.221.03; 326.221.03; 337.221.03;

De conformidade co disposto no artigo 174 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e nos artigos 79 e seguintes do D. 500/90, a autorización ou realización de gastos de carácter plurianual subordinarase o crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

## **8.- REVISIÓN DE PREZOS**

Dada a tipoloxía de contrato consonte ao establecido no art. 89 do TRLCSP, non procederá a revisión de prezos. Os prezos unitarios vixentes serán os de referencia do adxudicatario en cada momento deducindo as baixas ofertadas.

No suposto de que por parte da empresa adxudicataria se levase a cabo calquera promoción dos seus produtos mediante descontos especiais superiores á oferta presentada á licitación, aplicarase automaticamente e durante o tempo da mesma, o desconto de dita promoción, sempre que en virtude desta o prezo a aboar polo Concello de Monforte de Lemos resulte inferior á oferta feita como consecuencia do presente contrato.

## **9.- DURACIÓN DO CONTRATO.**

**9.1.-** A duración do contrato será de UN (1) ANO a partir do primeiro día hábil do mes seguinte á data da súa formalización. Dentro deste prazo, a Administración deberá entregar ao contratista unha relación actualizada dos vehículos do parque móbil aos efectos da confección das tarxetas con banda magnética.

**9.2.-** A duración do contrato poderá prorrogarse, até un máximo de un ano (é dicir, 1 ano de duración + posible prórroga de 1 ano= DOUS (2) ANOS de duración total máxima, incluídas as prórrogas).

A prórroga acordarase polo órgano de contratación, cun mes de antelación á finalización do contrato e será obrigatoria para o empresario, sen que poda producirse polo consentimento tácito das partes.

**9.3.-** Unha vez finalizado o prazo contractual (xa sexa o inicial, ou o no seu caso, o prorrogado), o contratista deberá continuar a prestación do servizo até que un novo adxudicatario se faga cargo da súa prestación, en idénticas condicións e até un máximo de seis meses.

## **10.- GARANTÍAS**

**10.1.-** Provisional: Non se esixe.

**10.2.-** Definitiva: O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa debера prestar unha garantía definitiva equivalente ao 5% do orzamento base de licitación do lote correspondente, excluído o IVE.

A garantía poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, ou por retención de parte do prezo, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do RXLCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesouraría Xeral do Concello de Monforte de Lemos.

## **11.- ANUNCIOS E PERFIL DO CONTRATANTE**

**11.1.-** O procedemento aberto a que se refire o presente Prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante municipal.

**11.2.-** Perfil do contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente á licitación aberta a través de internet na seguinte páxina web: [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es).

## **II**

### **ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

## **12.- PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN**

**12.1.-** O contrato adxudicarase polo procedemento aberto ao amparo do previsto nos artigos 138 e 157 a 161 do TRLCSP.

**12.2.-** A súa tramitación será ordinaria.

**12.3.-** A forma de adxudicación será a da oferta economicamente máis vantaxosa, atendendo a varios criterios de adxudicación.

## **13.- OFERTAS DOS INTERESADOS**

### **13.1.- Presentación**

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao establecido neste Prego e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, así como do Prego de prescricións técnicas, sen excepción ou reserva algunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si o fixo individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

### **13.2.- Lugar e prazo de presentación.**

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeneral de Entrada do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de Santo Antonio s/n, na localidade de Monforte de Lemos, CP. 27400 (LUGO), en horario de 9.00 a 14.00 horas, dentro dos **20 DÍAS HÁBILES** seguintes a aquel en que apareza o anuncio de licitación publicado no BOP. Se o último día de prazo finaliza en sábado ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data e hora de imposición do envío da oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación, dentro da data e hora establecidos como prazo de presentación, a remisión da oferta mediante Fax (núm. 982.40.48.12) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

Non serán admitidas variantes ou alternativas.

## **14.- DOCUMENTACIÓN QUE HAN DE ACOMPAÑAR ÁS OFERTAS**

As proposicións constarán de **DOUS (2) SOBRES** pechados, identificados no seu exterior con indicación da licitación á que se concorra e o nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de fax, e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente. Así mesmo, deberá facerse constar o lote ou lotes aos que se opte.

Os interesados poderán presentar ofertas referidas a un ou á totalidade dos lotes determinados nas prescricións técnicas anexas, especificándose, no seu caso, a oferta correspondente a cada lote, e non poderán presentar máis dunha proposición por cada un dos lotes.

No seu caso, se o licitador optara por presentarse a máis dun lote, presentará un único Sobre 1 coa documentación e requisitos que se indican no apartado 13.2.



Por outro lado, se presentarán por cada lote un Sobre 2.

En resumo cada licitador presentará un único sobre que conterá un Sobre 1 de documentación relativa a requisitos previos e tantos Sobres 2 como lotes aos que o licitador concorra, con indicación do lote o que se licita.

O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folla independente e enunciado numericamente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

**Sobre nº1:** subtítulo “Documentación Previa”.

**Sobre nº2:** subtítulo “Oferta Económica” (no que se incluírá a documentación relativa aos criterios de adjudicación aritméticos ou avaliábles de forma automática mediante a aplicación de fórmulas, de conformidade co art. 150 TRLCSP).

### **SOBRE Nº1**

#### **“DOCUMENTACIÓN PREVIA”**

En aplicación do establecido nos apartados 4 e 5 do Art. 146 do TRLCSP, en redacción dada pola Lei 14/2013, substitúese a achega inicial da documentación establecida no apartado 1 do art. 146, por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Os licitadores disporán das habilitacións, licencias ou permisos legalmente necesarios que precisen as actividades obxecto de contrato, xa sexan de carácter estatal, autonómico ou local, acreditándose esta circunstancia mediante a achega dos correspondentes certificados emitidos pola autoridade competente que deben incluírse neste sobre. En todo caso deberá achegar certificado de estar inscrito no Rexistro de Comercializadores polo miúdo de hidrocarburos tal e como dispón o RD 2487/1994, de 23 de decembro, polo que se aproba o Estatuto regulador das actividades de distribución ao por maior e de distribución polo miúdo mediante subministros directos a instalacións fixas, de carburantes e combustibles petrolíferos.

Incorpórase modelo de declaración como **ANEXO II** deste Prego.

O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adjudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adjudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.

O órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adjudicación, que os licitadores acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adjudicatario do contrato.

A concorrencia destes requisitos enténdese referida á data de finalización do prazo de presentación das proposicións.

### **SOBRE Nº2:**

#### **“OFERTA ECONÓMICA”**

Incluírá a proposición económica de acordo co modelo que figura no Anexo I do presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rexeitada.

## 15.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Incluirá a proposición económica de acordo co modelo que figura no Anexo I do presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rexeitada.

**O contrato adxudicarase a proposta da Mesa de Contratación, tendo en conta os seguintes criterios avaliábeis de xeito automático.-**

**LOTE 1:** os criterios que serviran de base para a avaliación das ofertas serán os seguintes.-

**1.- Maior porcentaxe de desconto por litro subministrado sobre o prezo de venda que figure no surtidor, no momento da subministración, en cada un dos tipos de combustible.....Máximo 30 puntos,** repartidos entre 15 puntos para Gasóleo A, 10 puntos para a Gasolina 95° e 5 puntos para Gasolina 98°.

Para a ponderación das ofertas, segundo o criterio de adxudicación establecido, a avaliación axustarase ao seguinte procedemento.-

Todas as ofertas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor de cada tipo de carburante, seguindo o criterio “desconto porcentual máis alto da oferta”. Obtido a orde de prelación de todas as ofertas respecto deste criterio, calcularase “a baixa de cada oferta” e aplicarase a seguinte fórmula para calcular a puntuación de cada oferta:

$$P = (PM * DO) / MD$$

**Onde;**

P= Puntuación da oferta.

PM= Puntuación máxima posible para ese tipo de carburante.

DO= Desconto porcentual da oferta que se pretende puntuar.

MD= Maior desconto porcentual das ofertas presentadas.

Coa aplicación desta fórmula asignarase a correspondente puntuación ás diferentes ofertas, neste criterio de avaliación.

**2.- Estación de servizo aberta as 24 horas do día....5 puntos.**

Outorgaranse 5 puntos a aquela empresa que conte cunha estación de servizo que permanezan abertas as 24 horas do día no termo municipal de Monforte de Lemos. As restantes puntuaranse con 0 puntos.

En caso de producirse empate na puntuación final, darase prioridade ao licitador que oferte u desconto porcentual maior respecto do Gasóleo. De manterse o empate, atenderase ao licitador que ofertase un maior desconto respecto da Gasolina de 95°, e en caso de continuarse co empate, estarase ao licitador que ofertase un maior desconto en relación a Gasolina 98°. De continuar o empate, atenderase a aquela empresa que conte con estación de servizo aberta as 24 horas. Finalmente, e no suposto de que persistise o empate, este resolverase mediante sorteo público.

**LOTE 2:** os criterios que serviran de base para a avaliación das ofertas serán os seguintes.-

**1.- Porcentaxe de desconto ofertado sobre o prezo publicado para España no Boletín Petroleiro...Máximo 30 puntos.**

Para a ponderación das ofertas, segundo o criterio de adxudicación establecido, a avaliación axustarase ao seguinte procedemento.-

Todas as ofertas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor de cada grupo, seguindo o criterio “desconto porcentual máis alto da oferta”. Obtido a orde de prelación de todas as ofertas respecto deste criterio, calcularase “a baixa de cada oferta” e aplicarase a seguinte fórmula para calcular a puntuación de cada oferta:

$$P = (PM * DO) / MD$$

**Onde:**

P= Puntuación da oferta.

PM= Puntuación máxima posible (30 puntos).

DO= Desconto porcentual da oferta que se pretende puntuar.

MD= Maior desconto porcentual das ofertas presentadas.

Coa aplicación desta fórmula asignarase a correspondente puntuación ás diferentes ofertas, neste criterio de avaliación.

**2.- Mellora sen custo para o Concello.- Limpeza ao inicio da subministración, do depósito de combustible situado no edificio Centro do Viño-Casa da Cultura.....Máximo 5 puntos.**

Outorgaranse 5 puntos a aqueles licitadores que oferten, como mellora sen custo para este Concello, a limpeza ao inicio da subministración, do depósito de combustible situado no Centro do Viño-Casa da Cultura. Os restantes licitadores obterán 0 puntos.

En caso de producirse empate, darase prioridade ó licitador que obtivese maior puntuación no primeiro dos criterios de adxudicación (maior desconto sobre o prezo publicado no Boletín Petroleiro). Si este se mantivese estarase ao segundo criterio de adxudicación, e de persistir, este resolverase mediante sorteo público.

O órgano de contratación poderá estimar que as ofertas presentadas son anormais ou desproporcionadas cando nas mesmas concorran as circunstancias a que se refire o artigo 85 do RXLCAP.

En tales supostos, estarase ao disposto nos apartados 3 e 4 do artigo 152 do TRLCSP.

A presentación de distintas proposicións por empresas vinculadas producirá os efectos que regulamentariamente se determinen en relación coa aplicación do réxime de ofertas con valores anormais ou desproporcionados previsto no artigo 152 do TRLCSP.

Se consideran empresas vinculadas as que se encontran nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio.

## **16.- MESA DE CONTRATACIÓN**

A Mesa de Contratación estará composta, neste caso, polos seguintes membros.-

### Presidente:

-O Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Monforte de Lemos, ou membro da Corporación en quen delegue.

### Vogais:

-A Concelleira Delegada de Facenda e Réxime Interior, ou persoa en quen delegue ou a substitúa.

- O Concelleiro Delegado de Medio Rural e Servizos, ou persoa en quen delegue ou a substitúa.

-O Secretario Xeral do Concello, ou persoa en quen delegue ou o substitúa.

-A Interventora Xeral Municipal, ou persoa en quen delegue ou a substitúa.

-A Enxeñeiro técnico Industrial, ou persoa en quen delegue ou a substitúa.

### Secretario:

-O Técnico do Servizo de Contratación, ou no seu caso, funcionario en quen delegue ou o substitúa.

## **17.- DESENVOLVEMENTO DO ACTO LICITATORIO.**

A apertura da documentación previa e das ofertas celebrarase na Sala de Xuntas do Excmo. Concello de Monforte de Lemos, no lugar, día e hora indicando no perfil do contratante municipal.

Concluído o prazo de presentación de ofertas, examínase, en acto privado, a documentación achegada polos licitadores en tempo e forma no SOBRE nº 1, outorgando de ser o caso un prazo de corrección non superior a tres días hábiles, e solicitando, se fose necesario, as aclaracións ou documentación complementaria á que se refire o art. 82 do TRLCSP. Neste caso, a apertura, en acto público, do SOBRE nº 2 terá lugar no día e hora indicado no perfil do contratante municipal.

Pola contra, de non existir defectos que emendar, seguidamente se procederá á apertura, en acto público, dos sobres que conteñen a oferta económica (SOBRE nº 2).

Obtida a valoración das ofertas respecto do devandito criterio, asignarase a cada unha delas os puntos de ponderación correspondentes ao mesmo, asignándolle á mellor oferta o máximo dos puntos correspondentes en aplicación do disposto na cláusula 15ª deste prego.

A Mesa elevará ao órgano de contratación, a proposta de adjudicación logo dos informes que considere de acordo co TRLCSP.

A convocatoria das sesións públicas da Mesa de Contratación publicarase no perfil do contratante cunha antelación mínima de dous días ao sinalado para a súa celebración.

## 18.- ADXUDICACIÓN

*Autorízase á Mesa de Contratación para que a través do seu Presidente se efectúe o requirimento de documentación a que fai referencia o artigo 151 do TRLCSP ao licitador que efectuase a oferta economicamente máis vantaxosa e demais actuacións para a adxudicación do contrato.*

Neste senso, o Presidente da Mesa de Contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa, tendo en conta os criterios de adxudicación sinalados neste prego, para que, dentro do prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES**, que contará desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación.-

- Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais.
- Escritura de constitución ou modificación, de ser o caso, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscrita no Rexistro Público que corresponda, se a empresa fose persoa xurídica.
- Escritura de Poder, se se actúa en representación doutra persoa e DNI do representante.
- Declaración responsable do licitador na que afirme baixo a súa responsabilidade que non se atopou incurso en prohibición de contratar, conforme ao art. 60 do TRLCSP.
- Certificados acreditativos de atoparse ao corrente das súas obrigacións tributarias estatais e locais e coa Seguridade Social.
- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto sobre Actividades Económicas: alta, referida ao exercicio corrente, ou último recibo, xunto cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto e, se é o caso, declaración responsable de atoparse exento.
- Os documentos que acrediten a solvencia económica e financeira a que se refire a cláusula 4.2 do presente prego.
- Os documentos que acrediten a solvencia técnica ou profesional a que se refire a cláusula 4.2 do presente prego.
- Para as empresas non comunitarias, os requisitos do art. 55 do TRLCSP, e para as empresas non españolas, de estados membros da Unión Europea, a acreditación da capacidade de conformidade co art. 58 do TRLCSP.
- Para as empresas estranxeiras, a declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. Así mesmo presentarán a documentación traducida de forma oficial ao castelán de acordo co art. 23 do RXLCAP.

Os licitadores poderán indicar a súa inscrición no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou dunha Comunidade Autónoma, acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos (sempre que estean vixentes), sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Os certificados comunitarios de clasificación ou documentos similares que acrediten a inscrición en listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidas polos Estados membros da Unión Europea, deberán indicar as referencias que permiten a inscrición do empresario na lista ou a expedición da certificación, así como a clasificación obtida.

Os licitadores inscritos deberán presentar unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores. Si se produciu alteración dos datos rexistrais farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.

**Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia, excepto o documento acreditativo da garantía que haberá de achegarse en orixinal. Así mesmo, os licitadores presentarán a súa documentación en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.**

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, concretando e fixando os termos definitivos do contrato.

A adxudicación deberá ditarse en todo caso, sempre que algunha das ofertas presentadas reúna os requisitos esixidos no prego de cláusulas, non podendo en tal caso declararse deserta a licitación. Non entanto, nos termos previstos no artigo 155 do TRLCSP, a Administración, antes de ditar a adxudicación, poderá renunciar a celebrar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este adoeza de defectos non emendables, debendo de indemnizar aos licitadores, en ambos os casos, dos gastos que a súa participación na licitación lles houbese efectivamente ocasionado.

A adxudicación deberá notificarse aos interesados, e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante.

A adxudicación e selección da mellor oferta, e subseguinte resolución de adxudicación do contrato deberán realizarse en todo caso no prazo máximo de dous meses a contar desde o seguinte o de apertura de proposicións. Transcorrido o indicado prazo sen ditarse acordo sobre a adxudicación, os licitadores poderán retirar as súas ofertas e as garantías constituídas.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

### III

## FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

### 19.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

**19.1.-** O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para subscribir, dentro do prazo de quince días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá, formando parte do contrato, a oferta do adxudicatario e un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e das prescricións técnicas, debidamente compulsados.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal.

**19.2.-** O documento en que se formalice o contrato, co que este se perfecciona, será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non entanto, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo a súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

**19.3.-** Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización. Se esta non se levase a cabo dentro do prazo indicado por causa imputable ao adxudicatario, a Administración poderá acordar a incautación da garantía constituída. Se as causas da non formalización fosen imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar.

#### IV

### EXECUCIÓN DO CONTRATO

#### **20.- RESPONSABLE SUPERVISOR DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONTRATO**

O órgano de contratación poderá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada a ente contratante ou allea a el, como responsable do traballo, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

#### **21.- OBRIGACIÓN DO CONTRATISTA**

**21.1.-** O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas, así como as instrucións que, no seu caso, lle de o responsable do contrato designado polo órgano de contratación.

**21.2.-** A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do establecido no art. 215 do TRLCSP.

Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis.

O contratista será responsable igualmente dos danos e prexuízos que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorrese, de acordo co establecido no artigo 305 do TRLCSP. Se o contrato se executase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire esta cláusula.

**21.3.-** Deberase dar adecuado cumprimento ao previsto na disposición adicional vixésimo sexta do TRLCSP, e no apartado 2 e 3 do artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como ao Regulamento que a

desenvolve, facendo constar no contrato, en todo caso, as previsións do artigo 12.2 da devandita Lei.

**21.4.-** O contratista deberá gardar sixilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión do mesmo.

**21.5.-** Son de conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación que o órgano de contratación decida realizar en Boletíns Oficiais e nun xornal de cada provincia por unha soa vez, até o límite máximo de 600,00 euros.

**21.6.- Obrigacións contractuais esenciais** na execución deste contrato:

- O subministrador está obrigado a entregar os bens obxecto da subministración no tempo e lugar fixados no contrato e de conformidade coas especificacións técnicas e as cláusulas administrativas particulares contidas neste prego
- O subministrador está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso.
- A empresa adxudicataria do **LOTE 1** emitirá unha tarxeta por cada vehículo que designe o Excmo. Concello de Monforte de Lemos, que só poderá utilizarse co mesmo, coa cal estes poderán repostar na estación de servizo correspondente.

A empresa adxudicataria soamente subministrará combustible a vehículos cuxo condutor presente unha tarxeta de crédito cuxo número coincida co da matrícula oficial do vehículo, debendo figurar inexcusablemente a matrícula do vehículo nos correspondentes tickets.

A estación de servizo entregará obrigatoriamente un ticket de repostaxe o condutor do vehículo do Excmo. Concello de Monforte de Lemos no que conste.-

- Número da tarxeta.
- Data e hora da subministración.
- Tipo de combustible.
- Litros subministrados.
- Importe total.

Na subministración de gasolina ou gasoil “a granel” para atender as necesidades da maquinaria de man: moto serras, corta-setos..., farase unicamente a persoas que presenten a súa identificación como empregados do Concello de Monforte de Lemos e una autorización expresa.

- A descarga da subministración do combustible do **LOTE 2** efectuarase por persoal da empresa adxudicataria, baixo supervisión do persoal do Concello de Monforte de Lemos e de conformidade co prego de prescricións técnicas. Se por calquera circunstancia no transcurso da descarga se producise algunha vertedura accidental, o adxudicatario correrá con todos os custos orixinados pola vertedura, incluíndo, entre outros, o de recollida de residuos e tratamento pola empresa especializada, así como o restablecemento da cantidade derramada sen custo engadido

- O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social, de seguridade e saúde e de protección do medio ambiente, polo que virá obrigado a dispor as medidas nesta materia esixidas por tales disposicións, sendo ao seu cargo o gasto que iso orixine.



- O persoal adscrito á realización do contrato, dependerá exclusivamente do contratista, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario respecto do mesmo.
- Corresponderá e será a cargo do contratista a obtención das autorizacións e licencias, documentos ou calquera información, tanto oficial como particular, que se requiran para a realización da subministración contratada.
- Será obrigaón do contratista indemnizar á Administración por danos e prexuízos a que poida ter dereito a mesma, orixinados pola demora ou polo incumprimento de contrato por causas imputables ao mesmo.

## 22.- ABONOS AO CONTRATISTA

Para o pago do prezo do contrato, o contratista deberá emitir factura electrónica con periodicidade mensual, e máis concretamente, a mes vencido, relativa ás subministracións realizadas no transcurso do mes que corresponda, de acordo coas previsións da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación de rexistro contable de facturas no sector público, que regula a obrigaón de presentar a factura electrónica nas administracións públicas a partir do 15 de xaneiro de 2015.

Non obstante, se o importe da factura de que se trate non supera os 5.000,00.-€, o contratista poderá presentar a factura ou facturas que se deriven da formalización deste contrato en papel, destacando que, de conformidade co disposto na Disposición adicional 33ª do TRLCSP faise constar que o órgano de xestión orzamentaria e contable con competencia en materia de contabilidade pública do Concello de Monforte é a Intervención Xeral e o Departamento destinatario deste contrato que ten que figurar na factura é o Departamento de Servizos.

Xa se trate da facturación electrónica como da facturación en papel que se poda derivar da subministración obxecto deste prego.-

- Para o **LOTE 1:** En ditas facturas deberá constar a relación de vehículos que se abasteceron desa subministración no mes de que se trate a factura distinguindo o Servizo Técnico municipal ó que están asignados estes vehículos co detalle, en todos os casos, dos consumos por cada un dos vehículos. A ditos prezos aplicaráselle a porcentaxe de desconto ofrecido polo adxudicatario.
- Para o **LOTE 2:** A empresa adxudicataria unha vez realizada a subministración, remitirá o Rexistro Xeral do Concello o albarán debidamente cumprimentado e unha copia do Boletín Petrolero da Comisión Europea no que figure o prezo máximo vixente na data en que se efectuou a subministración. A dito prezo aplicaráselle a porcentaxe de desconto ofrecido polo adxudicatario.

## 23.- PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO

En caso de demora na entrega da Subministración do Gasóleo C, o adxudicatario se lle poderá impor unha penalidade equivalente o 1% do valor da carga que haxa tardado en subministrarse, por cada día de demora, ademais da valoración dos danos e prexuízos ocasionados que se deducirá, xunto coa penalidade, da facturación seguinte á da data de efectiva resolución da penalidade, no seu caso.

En caso de calquera outro incumprimento do establecido no presente prego e no de prescricións técnicas, estarase ao disposto na normativa reguladora da contratación do sector público, podendo o Excmo. Concello de Monforte de Lemos resolver o contrato con perda da garantía definitiva, no seu caso.

Quedarán excluídos da penalización, os retrasos debidos a forza maior, considerándose como tales aqueles que aparecen reflectidos no art. 231 do TRLCSP. A estes efectos corresponderá ao Concello a facultade de interpretar e apreciar a existencia ou non de ditas causas.

En tales circunstancias, o prazo de entrega será prorrogado por un período de tempo igual o retraso imputable á forza maior, sempre que este non supere o primeiramente establecido, sendo condición indispensable para eximir de penalización, comunicar o Servizo correspondente, por escrito, cada unha das circunstancias que vaian acontecendo, a efectos de poder fixar os prazos efectivos de entrega.

Se o produto subministrado non supera o control de calidade fixado na normativa vixente, o Concello poderá impor penalidade o adxudicatario de acordo cos criterios establecidos no presente prego. Os análises que se precisen realizaranse en laboratorios oficialmente acreditados para tal fin e correran por conta e cargo do adxudicatario.

## V

### SUBCONTRATACIÓN

#### 24.- SUBCONTRATACIÓN

Para a celebración de subcontratos que poida realizar con terceiros estará sometido ao cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 227 e 228 do TRLCSP, sen que en ningún caso poida o contratista subcontratar con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do art. 60 do TRLCSP.

## VI

### MODIFICACIÓN DE CONTRATO

#### 25.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

**25.1.-** O contrato só poderá modificarse nas condicións e cos requisitos establecidos nos artigos 105 a 108, 210 e 211 e 296 do TRLCSP.

**25.2.-** En particular, poderá modificarse o contrato por incremento nas subministracións a realizar, resultando ditas modificacións obrigatorias para o contratista o prezo fixado na oferta para cada subministración e/ou combustible e sempre que, no seu conxunto, non excedan do 50% do gasto inicialmente autorizado. A aprobación da modificación esixirá proposta dos servizos municipais, audiencia ó contratista polo prazo de tres días hábiles, fiscalización do expediente e aprobación da modificación polo órgano de contratación. Todo elo sen prexuízo da obriga de formalizar a modificación e de reaxustar a garantía constituída.

Nos supostos de que durante a vixencia do contrato se produza a baixa dalgunha subministración, esta quedará automaticamente fora do contrato. Neste caso, a empresa adxudicataria non terá dereito a ningún tipo de indemnización.

## VII

### FINALIZACIÓN DO CONTRATO

#### 26.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO

**26.1.-** O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

#### 27.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

**27.1.-** Ademais de nos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 299 do TRLCSP, dando lugar aos efectos previstos nos artigos 225 e 300 do TRLCSP.

Producirá igualmente a resolución do contrato, o incumprimento polo contratista das obrigacións específicas á que se refire a cláusula 21.6., engadida a da non execución da mellora que non seu caso ofertase.

#### 28.- PRAZO DE GARANTÍA

Non se establece prazo de garantía ao ser o obxecto da subministración un ben consumible, funxible, de entrega inmediata.

Monforte de Lemos, 10 de febreiro de 2016.

**Conforme,**

O Concelleiro Delegado,

O Tax. de contratación,

José Luis Losada Fernández

José M<sup>a</sup> Valcarce Rodríguez.

**LOTE 1**  
**ANEXO I**  
**MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA**

D....., con D.N.I. nº ....., maior de idade, con domicilio en ....., decatado do prego de cláusulas administrativas particulares e do de prescricións técnicas que han de rexer a contratación de ....., e aceptando integramente o contido dos mesmos, en nome ..... (propio ou da/s persoa/s ou entidade/é que representa especificando neste último caso as súas circunstancias), comprométese a realizar a subministración coa seguinte porcentaxe de desconto sobre o prezo **de venta que figure no surtidor, no momento da subministración, dos seguintes tipos de combustible** .-

- Desconto de \_\_\_\_\_ enteiros e \_\_\_\_\_ centésimas por cento (\_\_,\_\_%)/1.  
Gasóleo A.
- Desconto de \_\_\_\_\_ enteiros e \_\_\_\_\_ centésimas por cento (\_\_,\_\_%)/1.  
Gasolina 95°.
- Desconto de \_\_\_\_\_ enteiros e \_\_\_\_\_ centésimas por cento (\_\_,\_\_%)/1.  
Gasolina 98°.

- A empresa que eu represento dispón, no termo municipal de Monforte de Lemos, dunha estación de servizo aberta as 24 horas do día.-
  - SI.
  - NON.

Lugar, data e firma do licitador.

---

**LOTE 2**  
**ANEXO I**  
**MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA**

D....., con D.N.I. nº ....., maior de idade, con domicilio en ....., decatado do prego de cláusulas administrativas particulares e do de prescricións técnicas que han de rexer a contratación de ....., e aceptando integramente o contido dos mesmos, en nome ..... (propio ou da/s persoa/s ou entidade/é que representa especificando neste último caso as súas circunstancias), comprométese a realizar a subministración coa seguinte porcentaxe de desconto **sobre o prezo publicado polo Boletín Petrolero da Comisión Europea vixente en cada momento.-**

- Desconto de \_\_\_\_\_ enteiros e \_\_\_\_\_ centésimas por cento (\_\_\_\_,\_\_\_\_%)/l. Gasóleo C.
- Asemade, oferta a seguinte **Mellora sen custo** para o Excmo. Concello de Monforte de Lemos.-
- Limpeza do depósito de combustible situado no edificio Centro do Viño-Casa da Cultura.
  - SI
  - NON

Lugar, data e firma do licitador.

## ANEXO II MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don....., con DNI n.º....., actuando en nome propio (ou en nome e representación da empresa .....), segundo poder bastante vixente ao día da data), DECLARA de forma responsable ante o Concello de Monforte de Lemos:

### **PRIMEIRO:**

- Que a empresa, ..... , con CIF N.º. ...., con domicilio social en .....foi constituída mediante escritura pública ante o Notario ..... en ..... o día ..... con número de protocolo .....

- Que D/Dª....., con D.N.I. n.º..... en representación da empresa....., con poder bastante outorgado por escritura de apoderamento ante o Notario ..... en ..... o día ..... con número de protocolo ..... . ten poder bastante para representar á empresa en materia de contratación pública.

**SEGUNDO:** Que a empresa cumpre cos requisitos da cláusula 8ª para xustificar a solvencia económica, financeira e técnica.

**TERCEIRO:** Que nin o asinante da declaración, nin a persoa física ou xurídica á que represento nin ningún dos seus administradores ou representantes, áchanse incursos en suposto algún dos referidos no artigo 60 do Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de contratos do sector público; que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da mesma ningún alto cargo aos que se refire a lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do goberno da nación e dos altos cargos da administración xeral do estado; que non está afectado o réxime de incompatibilidades establecido pola Lei 53/84, de 26 de decembro, nin ostenta ningún dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, de réxime electoral xeneral. Así mesmo, o que subscribe fai extensiva a presente declaración ao seu cónxuxe ou, na súa caso, a persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva, así como aos descendentes menores de idade das persoas antes referidas.

**CUARTO:** Que a citada empresa atópase, nestes momentos, ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos en que estas se definen nos artigos 13 e 14 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de Contratos das Administracións Públicas, e non ten débedas tributarias pendentes de pago co Concello de Monforte de Lemos nos termos previstos no artigo 13.1.d) do Real Decreto citado anteriormente.

**QUINTO:** A declaración a que se refire o parágrafo anterior faise sen prexuízo da obrigación de xustificar documentalmente ditas circunstancias, no suposto de resultar proposto para a adxudicación do contrato. Esta xustificación deberá realizarse no prazo de dez días hábiles a contar do requirimento que ao efecto realizará o Órgano de Contratación.

**SEXTA:** Autorízase expresamente ao Concello de Monforte de Lemos, para que, efectúe todas as comunicacións ou notificacións que puideran derivarse da presente contratación no seguinte.-

- Enderezo de correo electrónico.-
- Número de fax.-

E para que conste e forneza efectos no expediente ao que se refire a proposición á que se incorpora esta declaración responsable, asino a presente en ..... a ..... de ..... de .....

Asdo.:.....

### ANEXO III MODELO DE AVAL DE CONTRATACIÓN

A entidade ....(razón social do avalista ou sociedade de garantía mutua), con CIF....e domicilio a efectos de notificacións en..., CP..., localidade..., e no seu nome...(nome e apelidos dos apoderados), con DNI/NIF.....e poder suficientes para obrigarse neste acto, segundo resulta da verificación de poder que se apunta na parte inferior deste documento.

#### AVALA

A.....(nome e apelidos ou razón social e CIF da empresa avalada),....., en concepto de garantía ... (provisional, definitiva ou complementaria),..... para responder das obrigacións seguintes: (detallar o obxecto da licitación, o contrato ou o deber asumido polo garantido)..... en virtude do disposto na normativa sobre contratación administrativa e a cláusula ....(indicar a cláusula do prego) do prego de cláusulas administrativas particulares, ante o EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, por importe de....(en cifras) ... (en letras)... ..... EUROS.

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Por virtude do presente aval a Entidade Avalista queda obrigada a pagar ao CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, en defecto de pago do avalado, e no prazo sinalado no requirimento que se lle practique, a cantidade requirida pola Tesourería Xeral da indicada Corporación Municipal, con suxeición aos termos previstos na normativa de contratos das Administracións Públicas, a das Facendas locais, normativa reguladora da Caixa de Depósitos e disposicións complementarias.

Este aval outórgase solidariamente respecto do obrigado principal, renunciando o avalista a calquera beneficio, e, especialmente, aos de orde, división e excusión de bens do avalado.

O presente documento ten carácter executivo, e queda suxeito ás disposicións reguladoras do expediente administrativo que trae a súa causa, aos termos previstos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e ás súas normas de desenvolvemento, á normativa reguladora das Facendas locais, o Regulamento Xeral de Recadación e demais disposicións complementarias, debendo facerse efectivo polo procedemento administrativo de prema, para o suposto de non atender o pago o primeiro requirimento da Tesourería.

O presente aval terá unha duración indefinida, permanecendo vixente ata que o EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS resolva expresamente declarar a extinción do deber garantido e autorice expresamente o seu cancelación e ordene o seu devolución, de acordo co establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.

Este aval figura inscrito no Rexistro Especial de Avals co número .....(Lugar e data de expedición) .....(Razón social da entidade).....  
(Firma dos apoderados)

#### BASTANTEO DE PODER

Notaría ou persoa que dá fe pública : .....  
Municipio.....Provincia.....Data.....Número ou código.....

*OBSERVACIÓN:* A os efectos da verificación e bastanteo dos poderes dos signatarios, poderá realizarse a mesma ante persoa que dá fe pública ou achegando á Tesourería Xeral deste Concello de Monforte copia dos poderes dos representantes que asinan en nome da entidade financeira avalista, nos que conste acreditado que posúen poder bastante ou suficiente para outorgar devandito aval.